RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS EN SEGUNDO REPARTO NO MARCO DA CONVOCATORIA DE MOBILIDADE SICUE PARA O CURSO 2024-2025

En cumprimento do establecido na Resolución Reitoral publicada o día 15 de febreiro de 2024, pola que se fai pública a convocatoria de mobilidade SICUE para o curso 2024/2025 e trala publicación da primeira listaxe de adxudicación de prazas con data 19-04-2024, esta Reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de **adxudicación no segundo reparto** no anexo I. Esta listaxe non inclúe o estudantado que aceptou a praza no primeiro reparto xa non aparece no segundo reparto.
2. Publicar a listaxe da **lista de agarda no segundo reparto** no anexo II.

O estudantado seleccionado terá de prazo dende o 30-04-2024 as 14:30 ata o 3-05-2024 as 23:59 para aceptar a praza na súa secretaría virtual. Terá as seguintes opcións:

- **Aceptar a praza**
- **Non aceptar a praza** e **Renuncia**: desiste do seu dereito a continuar no programa.

Se non elixe ningunha opción, **entenderase que desiste do dereito** a participar no programa.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)
A Vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín